

O LEÓN KANDINGA

Adaptación de BONIFACE OFOGO

Ilustracións de ELISA ARGUILÉ

Tradución de SILVIA PEREZ

Encadernado en cartón. 26,5 x 21 cm. 40 páx. 16 €

MENCIÓN ESPECIAL PREMIO CITTÀ DI BELLA - 2011
RECOMENDACIÓN DE LECTURA (PREMIO FNLIJ Brasil) - 2011
PREMIO FUNDACIÓN CJ DE CULTURA (Corea) - 2009

O león Kandinga (galego)

ISBN 978-84-8464-711-9. Álbum ilustrado. Os contos do trasno.

El león Kandinga (castelán)

ISBN 978-84-92608-01-0. Álbum ilustrado. Cuentos tradicionales.

El lleó Kandinga (català)

ISBN 978-84-18558-09-2. Àlbum il·lustrat. Contes tradicionals.

Kandinga lehoia (euskara)

ISBN 978-84-9172-211-3. Album irudidunak. Herri ipuinak.

O leão Kandinga (português)

ISBN 978-989-8205-10-0. Álbum ilustrado. Contos tradicionais.

Il leone Kandinga (italiano)

ISBN 978-88-95933-27-6. Albo illustrato. I racconti tradizionali.

Había unha vez, hai moitos anos, un león chamado Kandinga.

Era o león máis poderoso e tamén o máis malvado. A súa maldade era tal que chegou a devorar os seus amigos para saciar a fame.

Por iso, quedou só. Os seus amigos, a súa muller e os seus fillos abandonárono...

A historia de Kandinga atesoura a sabedoría dos pobos africanos, a súa milenaria tradición oral e a riqueza da súa cultura. Un relato que invita a unha viaxe imaxinaria ata a recóndita sabana para coñecer os seus habitantes: crocodrilos, elefantes...


E exercendo a súa hexemonía, o león. O protagonista desta fábula é un rei -enfermo, vello e abandonado- vido a menos pola súa crueldade. O egoísmo e a avaricia son malos compañeiros de viaxe, non só para os animais salvaxes, senón tamén para as persoas...

Boniface Ofogo propón unha reflexión sobre o comportamento humano, poñendo a experiencia do seu pobo natal ao servizo das lectoras e dos lectores para que aprendan esta lección:

“Se tes moito, é bo compartir cos que non teñen nada”.

Elisa Arguilé arroupa o texto con ilustracións de estilo primitivo, de gran forza expresiva e contrastes cromáticos.

«O león Kandinga» forma parte da inesgotable tradición oral dos bantú, unha tribo que vive nas sabanas e selvas africanas, dende o centro de Camerún ata Sudáfrica. A maioría son lendas que recrean a estreita relación do ser humano co medio natural. KALANDRAKA achégase así a este xeito de coñecer o mundo, da man de contadores de contos nativos daqueles lugares dos que proceden historias tan fascinantes como esta.



■ **Temática:** conto tradicional africano.

■ **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.

■ **Aspectos destacables:** relato da tradición oral bantú (Camerún); reflexión sobre a xenerosidade, a solidariedade; coñecemento do medio: flora e fauna da sabana, diferenza entre animais herbívoros e carnívoros; historia e xeografía dos países e dos pobos africanos; do autor de «A paso de tartaruga» (Kalandraka).

■ **En Kalandraka Tv:**

<https://kalandraka.tv/gl/videos/o-leon-kandinga/>

<https://kalandraka.tv/gl/videos/presentacion-de-a-paso-de-tartaruga-de-boniface-ofogo/>

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-leon-kandinga-g>

Boniface Ofogo

(Omassa, Camerún, 1966)


Naceu e criouse nunha aldea do interior de Camerún. Chegou a España en 1988 para estudar Filoloxía Hispánica e en 1992 comezou a traballar como narrador. Foi Mediador Intercultural no Concello de Madrid; dende 2005 dedícase en exclusiva a percorrer escolas, bibliotecas e centros sociais relatando historias de valor didáctico e cultural. É especialista en fábulas, lendas, mitos e tradicións da África negra. Actuou por toda España (Maratón de Contos de Guadalaxara, Fórum das Culturas de Barcelona, Festivais de Oralidade de Xaca e Elx) e numerosos países: Francia, México, Cuba, Brasil, Costa Rica, Colombia, Arxentina, Cabo Verde, Marrocos...

<http://boniofogo.com>

Elisa Arguilé

(Zaragoza, 1972)

Estudou Gravado na Facultade de Belas Artes de Madrid e as súas primeiras ilustracións foron para editoriais e axencias de comunicación. En 1999, despois de traballar como escultora, muralista e ilustradora nunha compañía de monicreques, desembocou na literatura infantil. Dende entón ilustrou numerosos álbums para nenas e nenos. Entre outras distincións, recibiu o Premio Junceda 2008, o Premio Nacional de Ilustración 2007, o Premio Daniel Gil 2006 e o Premio Cidade de Alacant de Álbum Ilustrado 2002.



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com